



MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO
CONFEDERACION HIDROGRAFICA DEL MIÑO-SIL
REGISTRO DE ENTRADA OFICINA SERVICIOS CENTRALES
15/06/2011 13:23:41



ASUNTO: ALEGACIONES A PROPOSTA DE PROXECTO DE PLAN HIDROLOXICO E INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL DA PARTE ESPAÑOLA DA DEMARCACION HIDROGRAFICA DO MIÑO-SIL

Por resolución da presidencia da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de 15 de decembro de 2010, publicado no BOE nº 305 de 16 de decembro de 2010, anúnciase a apertura do periodo de consulta pública dos documentos "Proposta de proxecto de plan hidrolóxico e informe de sostibilidade ambiental" do proceso de planificación hidrolóxica correspondente a parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, e polo que consideramos presentar as alegacións, os documentos da memoria, anexos, normativa e informe de sostibilidade, que se acopañan no documento adxunto.

Ourense, 15 de xuño de 2010



ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE

Francisco Rodriguez Fernandez

PRESIDENTE DA CONFEDERACION HIDROGRAFICA DO MIÑO-SIL
MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E MARIÑO
Curros Enríquez, 4-2º 32003 Ourense



ASUNTO: ALEGACIÓNS Á PROPOSTA DE PROXECTO DE PLAN HIDROLÓXICO E INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL DA PARTE ESPAÑOLA DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL

Por resolución da presidencia da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de 15 de decembro de 2010, anúnciase a apertura do período de consulta pública dos documentos "Proposta de proxecto de plan hidrolóxico e informe de sostibilidade ambiental" do proceso de planificación hidrolóxica correspondente a parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, e polo que consideramos presentar as seguintes alegacións, os documentos da memoria, anexos, normativa e informe de sostibilidade:

1.- ANTECEDENTES

1.1. En maio de 2007 aprobouse por unanimidade o PLAN ESTRATÉXICO TEMAL DE OURENSE como "unha proposta de actuación planificada sobre o conxunto do territorio municipal, que permite repensar Ourense en clave termal, e que sirva como modelo de desenvolvemento socioeconómico". Plantéxase o termalismo como "actividade turística da primeira industria mundial, como recurso cultural e de auto-identificación da sociedade ourensán co seu pasado, como calidade de vida dende os aspectos do benestar, sanitario e asistencial, e tamén como un campo aberto a investigación". O primeiro paso fundamental é necesidade do coñecemento exhaustivo e detallado do comportamento do acuífero en profundidade antes de calquera actuación,

O conxunto histórico das fontes das Burgas foi declarado Ben de Interese Cultural e Ourense é nomeada no Parlamento como Capital Termal de Galicia, fundamentándose en:

Ourense como destino turístico termal

O termalismo como vector estratéxico do tecido urbano

O termalismo como motor da economía local

1.2 Na actualidade estanse a tramitar varios aproveitamentos de augas mineiromedicinais e termais no Concello de Ourense, tanto de titularidade pública, Concello e Ourense, como de titularidade privada, dos cales ten coñecemento a Delegación da Consellería de Industria en Ourense, nos que se establecen uns perímetros de protección que aseguren a sostibilidade do recurso termal tanto en cantidade como en calidade, tendo en conta que o acuífero non é un sistema illado do medio onde se manifesta, e que ten que ser prioritario a preservación

Praza San Martiño 2-2º

email : termalismo@ourense.es

Tfno :988388103



deste recurso mediante a restricción de actividades no entorno que poden afectar negativamente.

Xúntase copia da documentación aportada pola Delegación de Industria e copia de planos dos proxectos de aproveitamento

1.3. Estase a traballar co Grupo de Investigación Xeotermia e Hidroxeoloxía da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo, que dispón de datos de mais de 50 puntos de surxencias, nun informe no que se estableza a definición dun perímetro de protección do acuífero hidrotermal no que preténdese definir e xustificar unha *superficie de protección* entorno aos mananciais co obxecto de preservar a integridade do recurso, tanto cuantitativa como cualitativamente, axustándose ao estipulado pola seguinte normativa:

* Lei de Minas, de 11 de xullo de 1973, art. 28.1, onde se di que a Autorización ou Concesión do Aproveitamento *"...outorga ao seu titular o dereito exclusivo de utilizalas, así como impedir que se realicen no Perímetro de Protección que se fixara, traballos ou actividades que poidan perxudicar o normal aproveitamento das mesmas"*.

* Regulamento da Lei de Minas, art 43.1-b, outorga o dereito e o deber da súa protección *"A protexer o acuífero na cantidade e calidade e o seu normal aproveitamento..."*

*Regulamento Técnico Sanitaria, de 22 de xullo de 1991, recolle a obrigabilidade de establecer un perímetro, cando di que *"...deberá exixirse en especial as medidas de protección do manancial e da zona circundante contra a contaminación"*.

* R.D. 1074/2002 polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasada, modificado por R.D. 1744/2003 de 19 decembro *"establece condicionantes para o recoñecemento como auga mineral: natureza, pureza orixinal e efectos, protección do acuífero contra todo risco de contaminación, permanencia das características, composición e temperatura. Delimitación de perímetro de protección como requisito imprescindible para o aproveitamento"*

* Lei 5/1995, de 7 de xullo, de regulación das augas minerais, termais e de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

* Decreto 116/2001, de 10 de maio polo que se modifica o Decreto 402/1996, no seu artigo único apartado 4.1 *" Autorización ...outorga ao seu titular os seguintes"*

Praza San Martiño 2-2º

email : termalismo@ourense.es

Tfno :988388103



dereitos...a protección do acuífero en cantidade e calidade para o seu normal aproveitamento na forma na que fose concedido e a utilizaros medios legais necesarios para impedir que se realicen dentro do perímetro de protección que se fixa, traballos ou actividades que poidesen prexudicalo acuífero ou o seu normal aproveitamento”.

** Lei 63/2003 transposición da directiva marco da auga, cada demarcación ten que identificar e inscribir nun rexistro as zonas de protección nas que se encontran os perímetros de augas minerais e termais.*

As áreas de afloramentos termais mais importantes aparecen moi relacionadas coa rede fluvial que percorre o municipio e localízanse nas marxes do río Miño, na zona das Burgas e na zona do río Loña-Mende, tal como figuran na publicación “Las aguas minerales en Galicia” Consellería de Industria. Xunta de Galicia

Tras varios estudos hidroxeolóxicos realizados no entorno do Concello de Ourense determinouse que o número de afloramentos con características hidrotermais (mais de 50 puntos) é moi superior ao referenciado pola Xunta de Galicia en 1995. Estes afloramentos distribúense pola xeografía municipal concentrándose nas ribeiras do río Miño, no centro da cidade na área das Burgas e un pouco mais lonxe as de Mende na ribeira do río Loña.

1.4 O subsolo do Concello de Ourense posúe un dos maiores potenciais hidrotermais da Península Ibérica, destacando non só polo número, senon pola súa temperatura,caudal e recoñecida aplicación terapéutica, que se representa na superficie en numerosos afloramentos de augas termais que propician a importancia de Ourense como centro termal, sendo recoñecida no parlamento como **“Capital Termal de Galicia”**

Esta riqueza constitúe un grande potencial turístico e sanitario, para converterse nun elemento dinamizador social e económico non só da cidade, senón tamén da provincia e incluso de Galicia. De xeito que é a nosa obriga velar por un recurso natural de carácter público que debe ser preservado, en base a ese **interés xeral e carácter de utilidade pública** .

1.5 A morfoloxía da cidade de Ourense é o resultado da interacción da rede fluvial que atravesa o municipio, co Miño, Barbaña e Lonia como cauces principais. A acción dos cauces fluviais sobre a litoloxía base presenta un marcado compoñente estrutural.

O principal axente “modelador” é o río Miño que neste punto atópase no seu tramo medio. A este cauce principal únense, pola súa marxe esquerda os afluentes Lonia e Barbaña, sumando un área de drenaxe que supera os 150km²

Praza San Martiño 2-2º

email : termalismo@ourense.es

Tfno :988388103



É de destacar tamén a relación existente entre o calado do Río Miño e o nivel piezométrico, e incluso temperatura, dos afloramentos situados nas ribeiras. Este efecto obsérvase nítidamente dada conta da extrema fluctuación do caudal do Miño debido ao embalsamento do mesmo en Velle (ao Leste da cidade) para produción eléctrica. Un maior caudal do Miño provoca que os afloramentos situados mais próximos ao río, incluso dentro do cauce, deixen manar pola presión exercida sobre eles polas augas frías do Miño, aumentando o caudal e a temperatura dos mananciais mais alonxados. Ao rebaixarse a lámina de auga do río, ocorre o proceso inverso.

O xacemento xeotérmico, non é un sistema aillado do medio onde se manifesta. O Perímetro de Protección establece a prioridade de preservar o recurso termal mediante a restricción de actividades no entorno que poidesen perxudicar o acuífero (zona de recarga e zona de descarga) e o aillamento físico da surxencia termal naquel tramo que poida ser afectado pola dinámica dos acuíferos superficiais e os verquidos antrópicos.

As características peculiares das denominadas augas minerais, e o seu tratamento legal diferenciado do resto de recursos hídricos, podería levar a entender que se trata dun recurso distinto, non vinculado ao ciclo hidrolóxico.

Na actualidade está xeralmente admitido que estes recursos hídricos non son, en canto á súa orixe, intrínsecamente distintas das augas subterráneas renovables, senón que constitúen un subgrupo destas con composición e propiedades adecuadas para o seu emprego, sen tratamento previo, como auga de bebida envasada ou en aplicacións terapéuticas.

As augas subterráneas non están desconectadas das actividades que se desenvolven na superficie do terreo, que poden afectalas tanto na súa cuantía e réxime de fluxo como na súa calidade.

1.6 A utilización recreativa das augas e as prácticas deportivas.-

As observacións que se plantexan van referidas fundamentalmente ao uso recreativo e deportivo da auga como a navegación, a flotación e as actividades de ocio no medio acuático.. Dende o Concello de Ourense entendemos que o uso recreativo e deportivo do dominio público hidráulico debe considerarse un aspecto importante dentro da Planificación hidrolóxica polas importantes repercusións que o mesmo ten na economía das poboacións e pola súa gran rendabilidade na xeración de riqueza sustentable, especialmente nas zonas desfavorecidas e



expostas ao fenómeno de despoboamento por falta de oportunidades dos seus habitantes.

Con carácter xeral, o tratamento que se dá ao uso recreativo e deportivo da auga no borrador do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil, é insuficiente. Detéctase a falla de:

* Información sobre a magnitude dos usos recreativos na cunca e as posibilidades do seu disfrute: tramos nos que teñen lugar as diferentes actividades recreativas, repercusión social e económica, infraestructuras dedicadas, valoración socioeconómica do recurso, etc.

* sobre unha regulamentación normativa mais detallada das actividades relativas á navegación e a flotación no ámbito da a Demarcación Hidrográfica do Miño – Sil onde aparezan claramente as zonas da demarcación aptas para as actividades de navegación, diferenciando claramente a navegación a remo e a vela da navegación a motor tanto en ríos como en embalses, así como os horarios e as datas aptas para o seu exercicio. Efectivamente, no artigo 48 do borrador de Real Decreto de aprobación do Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño – Sil, relativo á navegación, non se di nada sobre as zonas permitidas ou prohibidas para a navegación e a flotación. Se propón:

* A incorporación dun anexo á normativa con un listado detallado das zonas aptas para a navegación..

* A elaboración dunha normativa específica sobre a ordenación e regulamentación de usos deportivos no medio acuático regulando, entre outros, os seguintes aspectos:

Utilización dos embalses para usos recreativos.

Normas de navegación relativas ao piragüismo nos tramos fluviales.

Criterios para a concesión de autorizacións para o desenvolvemento de actividades recreativas.

Desenvolvemento dos usos lúdicos nos ámbitos incluídos no Rexistro de Zonas Protexidas (entre elas, nas zonas de baño).

1.7 Regulación do encoro de Velle

O río Miño ao seu paso pola cidade de Ourense atópase regulamentado por dous encoros: "Velle" (os desembalses) e "Castrelo" (polo seu vaso).

Praza San Martiño 2-2º

email : termalismo@ourense.es

Tfno :988388103

32005

Fax : 988388132



Nas marxes do río Miño atópanse unha gran parte das infraestructuras e instalacións termais, dende a cota 95m, construídas onde afloran as augas termais, lugares onde a presenza da poboación é habitual. Ademais, nas marxes se atopan os paseos e as zonas de pesca e baño de uso da poboación..

Todas estas zonas vense inundadas, sen necesidade de encontrarnos na época de choivas, xa que a regulación dos niveis do río Miño ao seu paso pola cidade está marcado polos desembalses que realiza o encoro de Velle e o seu funcionamento..

Estas variacións de nivel continuas, e demostrables cos históricos facilitados polo **SAIH** onde os datos numéricos son un claro reflexo da variación do nivel que sofre o Miño ao longo dun día e dos meses, bruscas, variacións en metros do nivel do río en horas, e sen regulación, nunhas normas de explotación para coñecemento da poboación, sucédese co único aviso dos carteis informativos. O Concello de Ourense, xa requeriu, en escrito de xuño de 2010 e ante as continuas crecidas do río e os problemas que causan á poboación, á infraestructura existente e as infraestructuras en construción o establecemento das " Normas de Explotación das Presas, os criterios de explotación: os seus niveis máximos e mínimos, as precaucións para evitar a evacuación intempestiva de caudais, os sistemas de preaviso nos desembalses" e o "protocolo previsto para a explotación en situación extraordinaria: avisos; sistemas de alarma; procedimientto de emerxencia." para o encoro de Velle.

A existencia do encoro de Velle, de uso hidroeléctrico, situado dentro do ámbito urbano da cidade de Ourense -Velle- que na súa xestión ordinaria somete continuamente o tramo do río Miño ao seu paso por Ourense a un estrés ambiental polas variacións diarias de caudal circulante, e do seu nivel, que afecta moi negativamente ao desenvolvemento de calquera actividade, sea de ocio, social e/ou económica polas variacións bruscas do nivel do río (lembrar os danos ocasionados ás obras que a propia Confederación Hidrográfica realiza na pasarela augas abaixo do encoro de Velle, ou os reiterados danos ás instalacións e infraestructuras termais nas marxes do Miño en Ourense).

O seu plan de explotación non parece contribuir sempre á laminación de avenidas, xa que o marxen de seguridade nas súas operacións é moi pequeno (o encoro se mantén moi próximo ao volumen máximo do seu vaso), polo que, independentemente do seu ritmo diario de explotación, pode chegar incluso a incrementar o efecto das avenidas ordinarias

No proxecto do Plan Hidrolóxico da Demarcación do Miño-Sil definíronse uns caudais máximos que non deben ser superados na xestión ordinaria das infraestructuras hidráulicas. Por outra parte, tamén se definen as taxas de cambio

Praza San Martiño 2-2º

email : termalismo@ourense.es

Tfno :988388103



que deben evitarse los efectos negativos dunha variación brusca dos caudais, como son o arrastre de organismos acuáticos durante a curva de ascenso e o seu aillamento na fase de descenso dos caudais, así como os danos que poden ocasionar as infraestructuras existentes. Asimesmo, deben contribuir a manter unhas condicións favorables á rexeneración de especies vexetais acuáticas e ribeireñas.

No anexo V do anteproyecto de Plan Hidrológico de la Demarcación Mio-Sil se cita no apartado 2.1.2.3. los datos de los caudales de turbinación: O único tramo problemático é o do Miño en Ourense, baixo o encoro de Velle, xa que nos meses de abril a setembro existe una restricción de 553,35 m³/s, mentras que o caudal de turbinación é de 640 m³/s.

Establécense no seu Artigo 20 caudais máximos e taxas de cambio:

antes do 1 de xaneiro de 2016, se determinarán os caudales máximos e as taxas de cambio pertinentes para completala definición do réximen de caudales ecolóxicos que se recollen neste plan hidrolóxico.

Os caudais xeradores e taxas de cambio se inclúen a título informativo no Anexo 6.2. e 6.3., quedando a súa implantación e cumprimento supeditada en cada caso particular ao que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil estableza, atendendo as circunstancias concurrentes.

Se aproveitarán as modificacións concesionais de aproveitamentos existentes, localizados augas arriba de núcleos de poboación, para introducir limitacións nas normas de explotación en relación coa modulación e estacionalidade, de forma que se limite estacionalmente o rango de caudais. Nas concesións existentes, estas limitacións se incluírán no proceso de concertación do réximen de caudais máximos.

1.8. Asignación de demanda

O plan hidrolóxico recolle as demandas previstas para os distintos usos da auga. Así na normativa no seu capítulo V "Asignación e reserva de recursos" no artigo 28 "Asignación e reserva dos recursos dispoñibles prevé para o Sistema de explotación Miño Baixo na unidade de demanda urbana Ourense unha asignación de 12,74 hm³/ano e que posteriormente se recolle nas fichas de caracterización das unidades de demanda onde o consumo estimado para o ano 2027 é igual a un volumen de 12,56 hm³.



Por outra parte, Ourense ten actualmente dúas concesións de auga de 150 l/sg e outra de 200 l/sg e unha solicitude de modificación de características de ampliación a 510 l/s e con un número de expediente A/32/12306 que pasou o trámite de exposición pública.

Ademais, a sociedade estatal Acuanorte e o Concello de Ourense teñen asinado un convenio polo que se executa as obras de "Mellora de Abastecemento a Ourense" (proxecto en fase de estudo por Confederación Hidrográfica e envío información pública). Entre as infraestructuras que se propoñen está a execución dunha captación na marxen dereita do río Miño, augas abaixo da presa de Velle, que suministrará a unha depuradora deseñada para un caudal inicial de 200 l/s ampliable en 100 l/s.

Por todo o exposto se presentan as seguintes **ALEGACIONES**:

1.- Perímetros de protección de recursos mineiromedicinais e termais

Que en toda a documentación relacionada coas zonas de protección se inclúan os perímetros de protección de tódalas augas mineiromedicinais que afloran no termo municipal de Ourense.

O principal obxectivo do Concello de Ourense é determinar a zona que garanta a protección dun recurso natural, coa finalidade de asegurar a súa perpetuidade co paso do tempo; limitando así as posibles modificacións e actuacións externas que poidan perxudicar de algún modo o recurso natural.

Así mesmo preténdese que exista un maior control sobre captacións realizadas tanto na área de protección como nas súas proximidades, xa que a realización dunha captación sen ningún tipo de control pode chegar a ser un foco de contaminación importante, ademais que unha explotación irracional pode influir negativamente nos mananciais naturais.

2.- Ante as consecuencias económicas, sociais e medioambientais que estos episodios incontrolados de desembalse do encoro de Velle provocan, solicítase:

A regulación dos desembalses realizados pola presa de Velle e a elaboración e posta en coñecemento de:

As Normas de Explotación das Presas, os criterios de explotación: os seus niveis máximo e mínimos; as precaucións para evitar a evacuación intempestiva de caudais; os sistema de preaviso en desembalses



O protocolo previsto para a explotación en situación extraordinaria: avisos; sistemas de alarma; procedemento de emerxencia.

Que se acorde coa empresa concesionaria do encoro de Velle (gas Natural-Unión Fenosa) que en virtude do disposto no punto 3 do artigo 20 da proposta de Real Decreto de aprobación do Plan Hidrolóxico da Demarcación do Miño-Sil, unhas limitacións nas normas de explotación en relación coa modulación e estacionalidade, de forma que se limite estacionalmente o rango de caudais, a fin de evitar os seus efectos negativos do paso do río Miño nas zonas urbanas de Ourense.

Que se requira á empresa concesionaria a obriga de informar, cunha antelación suficiente, das súas previsións de xestión no relativo a calquera solta de caudais, para que se podan tomar medidas que minimicen os impactos negativos.

3,- Polo exposto, en canto á demanda, solicítase:

A revisión da asignación da demanda recollida no proxecto do Plan Hidrolóxico, como mínimo, en función da solicitude realizada por este Concello no expediente "Modificación de características (ampliación de caudal a 510 l/s) das concesións de aproveitamento de augas para os ríos Miño e Lonia no termo municipal de Ourense"